

ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN
DIDÁCTICA . CURSO 2019/2020

C.E.I.P. PLURILÍNGÜE DE SIGÜEIRO
1º NIVEL DE EDUCACIÓN PRIMARIA

ÍNDICE

1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles.
2. Avaliación e cualificación.
3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre.
4. Información e publicidade.

Lingua e Literatura galega, Lingua e Literatura castelá 1º

Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe
<p>1.Ler e comprender un conto.</p> <p>2. Recoñecer léxico relacionado coa agricultura.</p> <p>3.Aprender o abecedario e presentar algunha norma ortográfica como a do uso de <i>mp</i> e <i>mb</i>.</p> <p>4. Identificar as partes dun suceso e elaborar un texto escrito de acordo cunhas pautas para ordenar e expoñer a información.</p> <p>5. Ler información sobre o coidado da auga.</p> <p>6. Recoñecer léxico relacionado coas plantas.</p> <p>7.Aprender e interiorizar a norma ortográfica do uso de <i>c</i>, <i>z</i>, <i>qu</i>.</p> <p>8. Recoñecer, de forma non teórica, como se fai a comparación.</p> <p>9. Elaborar un texto escrito de acordo cunhas pautas.</p> <p>10. Recoñecer léxico relacionado cos medios de transporte.</p>	<p>1.1 Comprende un conto.</p> <p>1.2 Le o conto da dobre páxina inicial.</p> <p>1.3 Identifica feitos do conto de forma correcta.</p> <p>1.4. Aprende as estacións.</p> <p>1.5 Elixo un personaxe e expresa as súas opinións.</p> <p>1.6 Interpreta correctamente o texto e responde ás preguntas de comprensión.</p> <p>1.7 Observa e deduce a partir dunha imaxe.</p> <p>2. Amplía o vocabulario relacionado coa agricultura.</p> <p>3. Aprende o abecedario. Presentar a norma ortográfica do uso de <i>mp</i> e <i>mb</i>.</p> <p>4.1 Identificar as partes dun suceso.</p> <p>4.2 Elaborar de forma breve unha narración dun suceso de forma pautada e ordenada.</p> <p>5. Le datos sobre o coidado da auga.</p> <p>6. Amplía o vocabulario relacionado coas plantas.</p> <p>7. Aprende e interioriza a norma ortográfica do uso de <i>c</i>, <i>z</i>, <i>qu</i>.</p> <p>8 Recoñece a comparación e aplícaa correctamente nos escritos.</p> <p>9. Elaborar de forma breve un conto de forma pautada e ordenada.</p> <p>10. Amplía o vocabulario relacionado cos medios de transporte.</p>

11. Aprender e interiorizar algunha norma ortográfica como a do uso de <i>g, gu, gü; r, rr</i> .	11. Aprende e interioriza a norma ortográfica do uso de <i>g, gu, gü; r, rr</i> .
12. Recoñecer, de forma non teórica, a formación de xénero.	12. Recoñece a formación do xénero nos escritos.
13. Recoñecer léxico relacionado coas profesións.	13. Amplía o vocabulario relacionado coas profesións.
14. Aprender e interiorizar a norma de uso da maiúscula cos nomes propios.	14. Aprende a norma de uso da maiúscula cos nomes propios.
15. Recoñecer, de forma non teórica, a formación do número.	15. Recoñece a formación do número e aplícaa correctamente nos escritos.
16. Recoñecer léxico relacionado coas máquinas.	16. Amplía o vocabulario relacionado coas máquinas.
17. Aprender e interiorizar a norma de uso da maiúscula co punto. Presentar signos de interrogación e admiración.	17. Aprende a norma de uso da maiúscula co punto. Descubrir a norma de uso dos signos de interrogación e admiración.

Lingua e Literatura galega, Lingua e Literatura castelá 1º

Competencias	
Comunicación lingüística.	<ul style="list-style-type: none"> - Gozar coa lectura. - Comprende os textos de lectura da unidade: conto, poemas, cantigas... - Producir textos escritos de pouca complexidade para o seu uso en situacións cotiás. - Escribe textos sinxelos a narración dun suceso de forma ordenada e pautada. - Coñecer distintos tipos de textos. - Utilizar o coñecemento das estruturas lingüísticas, normas ortográficas e gramaticais para elaborar textos escritos. - Captar o sentido das expresións orais: ordes, explicacións, indicacións...
Aprender a aprender.	<ul style="list-style-type: none"> - Xerar estratexias para aprender en distintos contextos de aprendizaxe.

	<ul style="list-style-type: none"> - Planificar recursos necesarios e pasos que deben realizar no proceso de aprendizaxe. - Seguir os pasos establecidos e tomar decisións sobre os pasos seguintes en función dos resultados intermedios. - Desenvolver estratexias que favorezan a comprensión rigorosa dos contidos. - Observa e deduce a partir dunha imaxe.
Sentido da iniciativa e espírito emprendedor.	<ul style="list-style-type: none"> -Asumir as responsabilidades encomendadas e dar conta delas. - Optimizar recursos persoais apoiándose nas fortalezas. - Mostrar seguridade nas súas propias capacidades.
Competencias sociais e cívicas.	<ul style="list-style-type: none"> - Educación en valores: a tolerancia, o compañeirismo, a paciencia,o respecto. - Desenvolver a capacidade de diálogo cos demais en situacións de convivencia. -Comprende os valores e normas de conduta que facilitan a convivencia no seu contorno máis próximo.

Competencia dixital.	<ul style="list-style-type: none"> - Descubrir o uso das novas tecnoloxías como ferramenta para mellorar o traballo e facilitar a vida diaria.
Conciencia e expresións culturais.	<ul style="list-style-type: none"> - Aprende cancións populares e xogos, propios do patrimonio popular galego. - Descubre e xoga cos recursos da literatura tradicional. - Aprende algún retrouso, xogo ou encadeado para aumentar a bagaxe cultural e recoñecer o patrimonio oral da lingua galega. - Descubre cantigas e lendas tradicionais.

Matemáticas 1º

Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe
<p>1. Construír os números do 80 ao 89 utilizando correctamente os conceptos de decena e unidade.</p> <p>2. Identificar, ler e escribir os números do 80 ao 89.</p> <p>3. Resolver operacións de cálculo mental.</p> <p>4. Resolver problemas seleccionando a operación adecuada.</p> <p>5. Coñecer o valor das moedas e dos billetes de euro.</p> <p>6. Seguir a secuencia lóxica dunha serie.</p> <p>7. Construír os números do 90 ao 99 utilizando correctamente os conceptos de decena e unidade.</p> <p>8. Identificar, ler e escribir os números do 90 ao 99.</p> <p>9. Colocar e resolver operacións de sumas.</p> <p>10. Identificar e nomear os números ordinais d1.º ao 10.º.</p>	<p>1. Constrúe números do 80 ao 89 utilizando correctamente os conceptos de unidade e decena.</p> <p>2. Le e escribe os nomes dos números do 80 ao 89 identificándoos coas súas grafías.</p> <p>3.1 Suma unha decena a decenas completas. 3.2 Resta dunha decena a decenas completas. 3.3 Suma e resta decenas completas a decenas completas.</p> <p>4. Selecciona e resolve a operación adecuada.</p> <p>5. Coñece o valor das moedas e dos billetes de euro.</p> <p>6. Debuxa o elemento seguinte dunha serie lóxica.</p> <p>7. Constrúe números do 90 ao 99 utilizando correctamente os conceptos de unidade e decena.</p> <p>8. Le e escribe os nomes dos números do 90 ao 99 identificándoos coas súas grafías.</p> <p>9. Coloca números dunha e dúas cifras de forma correcta para operar.</p> <p>10. Identifica os números ordinais do 1.º ao 10.º.</p>

<p>11. Resolver problemas seleccionando a operación adecuada.</p> <p>12. Identificar, nomear e debuxar liñas rectas e curvas, e liñas abertas e pechadas.</p> <p>13. Escribir e comparar números ata o 99.</p> <p>14. Colocar e resolver operacións de sumas e restas sen levar.</p> <p>15. Resolver problemas aplicando todos os pasos.</p> <p>16. Identificar, nomear e debuxar figuras planas: cadrados, triángulos, rectángulos e círculos.</p> <p>17. Interpretar a información dun gráfico de barras.</p>	<p>11. Selecciona e resolve a operación adecuada.</p> <p>12. Identifica, nomea e debuxa unha liña recta, unha liña curva, unha liña pechada e unha liña aberta.</p> <p>13.1 Identifica, le e escribe números dunha e de dúas cifras.</p> <p>13.2 Compara números establecendo relación de orde entre eles.</p> <p>14.1 Resolve as sumas e restas sen levar.</p> <p>14.2 Coloca números dunha e dúas cifras de forma correcta para sumar e restar.</p> <p>15.1 Identifica e escribe os datos dun problema.</p> <p>15.2 Selecciona e resolve a operación adecuada.</p> <p>15.3 Expresa, con corrección, a solución do problema.</p> <p>16. Identifica, nomea e debuxa cadrados, triángulos, rectángulos e círculos.</p> <p>17. Le e interpreta a información dun gráfico de barras.</p>
---	---

Matemáticas 1º

Competencias	
Comunicación lingüística	<ul style="list-style-type: none"> - Captar o sentido das expresións orais: ordes, explicacións, indicacións, relatos... - Utilizar os coñecementos sobre a lingua para buscar información e ler textos en calquera situación.
Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía	<ul style="list-style-type: none"> - Identificar e manipular con precisión elementos matemáticos (números, datos, elementos xeométricos, gráficos de barras...) en situacións cotiás. - Utiliza os números ordinais aplicados na súa vida cotiá e identifica os tipos de liñas no seu contorno próximo.
Competencia dixital	<ul style="list-style-type: none"> - Comprender as mensaxes elaboradas en códigos diversos. - Actualizar o uso das novas tecnoloxías para mellorar o traballo e facilitar a vida diaria.
Aprender a aprender	<ul style="list-style-type: none"> - Xerar estratexias para aprender en distintos contextos de aprendizaxe. - Segue os pasos establecidos na resolución de problemas e elixe a operación que o resolve en función deles.
Competencias sociais e cívicas	<ul style="list-style-type: none"> - Aprender a comportarse desde o coñecemento dos distintos valores. - É coidadoso na presentación das tarefas, coida o material propio. - Agradece o tempo e a atención que lle dedican os avós e pais, recoñecendo o seu valor.
Sentido de iniciativa e espírito emprendedor.	<ul style="list-style-type: none"> - Comprende e respecta que unha actividade ten máis dunha solución posible. - Asumir as responsabilidades encomendadas e dar conta delas. - Ser constante no traballo superando as dificultades. - Actúa con compromiso ao axudar, cooperar, etc.
Conciencia e expresións culturais.	<ul style="list-style-type: none"> - Elaborar traballos e presentacións con sentido estético. - Mostrar respecto cara ás obras máis importantes do patrimonio cultural a nivel mundial. - Identifica os tipos de liñas en cadros de pintores abstractos, como Kandinsky.

Ciencias da natureza 1º

Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe
<p>1. Recoñecer que as plantas son seres vivos.</p> <p>2. Nomear as partes dunha planta.</p> <p>3. Identificar árbores, arbustos e herbas atendendo ás súas características.</p> <p>4. Distinguir distintos tipos de materiais e as súas propiedades.</p> <p>5. Valorar a importancia da reciclaxe para o medio.</p> <p>6. Valorar os recursos naturais e coñecer medidas básicas de aforro enerxético e protección do medio.</p> <p>7. Identificar e nomear máquinas e obxectos simples. Explicar para que serve e como funciona algunha máquina coñecida.</p>	<p>1. Recoñece ás plantas como seres vivos.</p> <p>2. Nomea e recoñece as partes dunha planta.</p> <p>3. Identifica árbores, arbustos e herbas atendendo ás súas características.</p> <p>4.1 Coñece a diferenza entre material natural e artificial.</p> <p>4.2 Identifica propiedades de algúns tipos de materiais.</p> <p>5.1. Coñece os distintos contedores de reciclaxe e os contidos que van en cada un deles.</p> <p>5.2 Separa os distintos residuos para reciclar na casa.</p> <p>6.1 Toma conciencia dalgúns problemas ambientais.</p> <p>6.2 Valora a importancia das medidas para o aforro enerxético e a protección do medio e aplícaas.</p> <p>7.1 Identifica algunhas máquinas e aparatos no contorno.</p> <p>7.2 Observa e analiza o funcionamento dalgúns obxectos e máquinas identificando os elementos que poden xerar risco.</p>

<p>8. Identificar algunhas profesións e relacionalas con algunhas das ferramentas que utilizan.</p> <p>9. Identificar algunhas das ferramentas e aparatos próximos que nos facilitan as tarefas diarias.</p> <p>10. Identificar algunhas das profesións que desempeñan as persoas do contorno e nomear o que utilizan no seu traballo.</p> <p>11. Recoñecer a importancia de todas as profesións.</p> <p>12. Coñecer a importancia dos descubrimentos e inventos no desenvolvemento da humanidade.</p> <p>13. Recoñecer o teléfono como un dos inventos fundamentais.</p>	<p>8. Identifica e describe oficios tendo en conta as ferramentas que utilizan.</p> <p>9. Identifica algunhas das ferramentas e aparatos que nos facilitan as tarefas diarias.</p> <p>10. Identifica e describe oficios tendo en conta os materiais, as ferramentas e as máquinas que utilizan.</p> <p>11. Respecta e valora a importancia de todas as profesións.</p> <p>12.1 Recoñece algúns descubrimentos e inventos fundamentais.</p> <p>12.2 Valora o progreso que se produciu na tecnoloxía da comunicación ao longo do tempo.</p> <p>13. Valora a importancia da invención do teléfono.</p>
---	---

Ciencias da natureza 1º

Competencias	
Comunicación lingüística.	<ul style="list-style-type: none"> - Comprender o sentido de textos escritos sinxelos. - Escribe textos sinxelos como descrições de obxectos de forma ordenada e pautada. - Captar o sentido das expresións orais: ordes, explicacións, indicacións... - Aprende os nomes da estacións.
Aprender a aprender.	<ul style="list-style-type: none"> - Planificar recursos necesarios e pasos que debe realizar no proceso de aprendizaxe. - Propón interrogantes como estratexia para mellorar o proceso de aprendizaxe - Observa e deduce a partir dunha imaxe.
Competencias sociais e cívicas.	<ul style="list-style-type: none"> - Concibir unha escala de valores propia e actúa conforme a ela. - Realiza actuacións enfocadas ao coidado do contorno. - <i>Educación en valores: A tolerancia.</i> - Mostra interese e curiosidade polas tradicións, expresións culturais, artísticas, , etc.
Conciencia e expresións culturais.	<ul style="list-style-type: none"> - Informarse sobre aspectos do noso contorno natural e da meteoroloxía habitual. - Aprende cancións populares e xogos, propios do patrimonio popular galego.
Competencia dixital	<ul style="list-style-type: none"> - Actualizar o uso das novas tecnoloxías para mellorar o traballo e facilitar a vida diaria. - Empregar distintas fontes para a busca de información.
Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía	<ul style="list-style-type: none"> - Recoñecer a importancia da ciencia na nosa vida cotiá. - Valora a importancia dos descubrimentos e inventos tecnolóxicos para a vida das persoas. - Interpreta a información nunha táboa de dobre entrada. - Manexar os coñecementos sobre o funcionamento dos obxectos e aparatos para solucionar problemas e comprender o que ocorre ao noso redor.
Sentido da iniciativa e espírito emprendedor	<ul style="list-style-type: none"> - Mostra seguridade nas súas propias capacidades.

Ciencias sociais 1º

Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe
<p>1. Describir o tempo atmosférico a través de datos observables.</p> <p>2. Recoñecer as características de cada unha das estacións do ano.</p> <p>3. Diferenciar entre os elementos naturais e os que son obra das persoas.</p> <p>4. Desenvolver actitudes positivas fronte a problemas ambientais como a contaminación.</p> <p>5. Secuenciar feitos aplicando as unidades de tempo básicas, expresando os cambios que se producen nalgúns aspectos da vida.</p> <p>6. Identificar os feitos acontecidos no pasado, saber situalos no seu contexto.</p> <p>7. Identificar feitos acontecidos no pasado en contraposición aos actuais.</p> <p>8. Ordenar temporalmente algúns feitos relevantes da vida familiar ou do contorno máis próximo.</p>	<p>1. Identifica e describe os fenómenos atmosféricos que se producen no seu ámbito máis próximo.</p> <p>2.1 Recoñece as características de cada estación do ano.</p> <p>2.2 Diferenza as características das estacións do ano.</p> <p>3.1 Distingue elementos naturais e elementos humanos na paisaxe.</p> <p>3.2 Recoñece os efectos positivos e negativos da actuación humana no medio físico.</p> <p>4.1 Identifica actuacións do ser humano que contaminan.</p> <p>4.2 Desenvolve actitudes positivas de coidado e protección do medio.</p> <p>5. Clasifica temporalmente diferentes imaxes atendendo a nocións como: antes, agora, despois.</p> <p>6. Identifica acontecementos do pasado e do presente.</p> <p>7. Identifica acontecementos do pasado e do presente e a súa relación con aspectos históricos próximos á súa experiencia.</p> <p>8.1 Ordena actividades en función das nocións temporais: antes, despois...</p> <p>8.2 Clasifica temporalmente diferentes imaxes atendendo a nocións como: antes, agora, despois.</p>

9. Aprender os cambios que se produciron nos xoguetes co paso do tempo, buscando información, seleccionándoa e organizándoa.	9. Coñece os cambios dos xoguetes co paso do tempo.
--	---

Ciencias sociais 1º

Competencias

Comunicación lingüística	<ul style="list-style-type: none"> - Comprender o sentido de textos escritos sinxelos. - Producir textos escritos de diversa complexidade para o seu uso en situacións cotiás. - Escribir textos sinxelos como descrições de obxectos de forma ordenada e pautada. - Comprende os textos de lectura da unidade: conto, poemas, cantigas... - Captar o sentido das expresións orais: ordes, explicacións, indicacións... - Escrita de acontecementos do pasado. - Utilizar o coñecemento das estruturas lingüísticas, normas ortográficas e gramaticais para elaborar textos escritos.
Aprender a aprender	<ul style="list-style-type: none"> - Planificar recursos necesarios e pasos que debe realizar no proceso de aprendizaxe. - Propón interrogantes como estratexia para mellorar o proceso de aprendizaxe. - Aprende os nomes das estacións - Utiliza a observación, a manipulación e a exploración para acadar as aprendizaxes. - Desenvolver estratexias que favorezan a comprensión rigorosa dos contidos. - Reflexiona sobre os procesos levados a cabo en diferentes actividades. - Observa e deduce a partir dunha imaxe.
Sentido da iniciativa e espírito emprendedor.	<ul style="list-style-type: none"> - Pide axuda ante dificultades que xorden na realización de tarefas. - Mostra seguridade nas súas propias capacidades.
Competencias sociais e cívicas.	<ul style="list-style-type: none"> - Concibir unha escala de valores propia e actúa conforme a ela. - Realiza actuacións enfocadas ao coidado do contorno.

	<ul style="list-style-type: none"> - Coñece e comprende os valores e normas de conduta que facilitan a convivencia no seu contorno máis próximo. - Entende a natureza como un ben que todos debemos gozar, coidar e manter. - Manifesta actitudes de respecto e coidado da auga como ben escaso. - <i>Educación en valores</i>: A tolerancia. - Mostra interese e curiosidade polas tradicións, expresións culturais, artísticas, , etc. -Respecta as crenzas, tradicións e costumes doutras persoas. - Interactuar co contorno de forma natural e respectuosa -Desenvolve hábitos de coidado do medio. - Recoñecer a riqueza na diversidade de opinións e ideas. - Pode idear solucións e resolver problemas de forma eficaz e novedosa, no ámbito da vida cotiá. - <i>Educación en valores</i>: O respecto.
<p>Conciencia e expresións culturais.</p>	<ul style="list-style-type: none"> - Informarse sobre aspectos do noso contorno natural e da metereoloxía habitual. -Infórmase sobre as características meterolóxicas de Galicia. - Aprende xogos tradicionais.
<p>Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía</p>	<ul style="list-style-type: none"> - Recoñecer a importancia da ciencia na nosa vida cotiá. -Valora a importancia dos descubrimentos e inventos tecnolóxicos para a vida das persoas. - Interpreta a información nunha táboa de dobre entrada.
<p>Competencia dixital</p>	<ul style="list-style-type: none"> - Utiliza as tecnoloxías da información e da comunicación para obter información . - Actualizar o uso das novas tecnoloxías para mellorar o traballo e facilitar a vida diaria. - Axúdase dos recursos dixitais para realizar algunhas tarefas. - Empregar distintas fontes para a busca de información - Consulta datos en diversas fontes de información.

Valores sociais e cívicos 1º

Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe
<p>1. Respeita as normas de boa conduta.</p> <p>2. Entender a importancia do cumprimento dos deberes no fogar.</p> <p>3. Participar de xeito activo na vida cívica asumindo a importancia do respecto ás normas.</p> <p>4. Contribuír á conservación do medio.</p> <p>5. Coñecer as normas de seguridade vial e os riscos de accidente.</p>	<p>1.1 Entende o valor das normas de boa conduta.</p> <p>1.2 Intenta comportarse de xeito correcto utilizando as normas de boa conduta.</p> <p>2.1 Recoñece a existencia de deberes na convivencia doméstica.</p> <p>2.2 Trata de cumprir as obrigas no fogar.</p> <p>3.1 Coñece e asume a existencia de normas sociais.</p> <p>3.2 Cumpre normas que axudan a protexelo.</p> <p>4.1 Aprende e explica a importancia de conservar o medio.</p> <p>4.2 Coñece e utiliza instrumentos encamiñados á conservación da natureza.</p> <p>5. Coñece a existencia de normas de seguridade vial e procura respectalas.</p>

Valores sociais e cívicos 1º

Competencias	
Comunicación lingüística	<ul style="list-style-type: none"> - Comprender o sentido dos textos escritos. - Entende o enunciado dos exercicios sen necesidade de axuda. - Captar o sentido das expresións orais: ordes, explicacións, indicacións, relatos,..
Competencia dixital.	<ul style="list-style-type: none"> - Comprender as mensaxes elaboradas en códigos diversos.
Aprender a aprender.	<ul style="list-style-type: none"> - Planificar os recursos necesarios e os pasos a realizar no proceso de aprendizaxe. - Segue os pasos establecidos na resolución de problemas. - Tomar conciencia dos procesos de aprendizaxe.
Competencias sociais e cívicas.	<ul style="list-style-type: none"> - Aprender a comportarse desde o coñecemento dos distintos valores. - É respectuoso cos demais, coñece as súas obrigas e trata de cumprilas - Desenvolver a capacidade de diálogo cos demais en situacións de convivencia e traballo e para a resolución de conflitos. - Desenvolve a capacidade de diálogo cos demais e recoñece a riqueza na diversidade de opinións e ideas. - Comprometerse co uso responsable dos recursos naturais para promover un desenvolvemento sostible. - Fomenta a reciclaxe para a conservación do medio.
Sentido de iniciativa e espírito emprendedor.	<ul style="list-style-type: none"> - Ser constante no traballo superando as dificultades. - Identifica os seus erros na tarefa.
Conciencia e expresións culturais.	<ul style="list-style-type: none"> - Elaborar traballos e presentacións con sentido estético. - Realiza o traballo con pulcritude.

2. Avaliación e cualificación

Procedementos de avaliación	Revisión das actividades non presenciais presentadas na aula virtual.
Instrumentos de avaliación	Actividades non presenciais presentadas na aula virtual valorando a realización e presentación das mesmas.
Cualificación final	Para realizar a cualificación final teranse en conta as notas das dúas avaliacións anteriores, xa que a avaliación é continua. Valorarase positivamente a realización das tarefas non presenciais , podendo subir ata un punto pola realización e presentación das mesmas, e nunca baixando a nota.

3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre

Actividades	<ul style="list-style-type: none">- Comprensións lectoras en galego e castelá.- Lectura e expresión escrita de diversa dificultade.-Exercicios de numeracións, operacións e resolución de problemas matemáticos de diversa dificultade.- Actividades de observación e coñecemento das ciencias da natureza e de ciencias sociais.- Actividades de atención , memoria e grafomotricidade.- Actividades de educación emocional.- Actividades propostas nos libros de texto.
Metodoloxía	<ul style="list-style-type: none">-Traballo individual para afianzar os conceptos.- Interiorización da utilidade da linguaxe escrita na vida diaria a través de textos sinxelos.-Utilización de diferentes fontes de información para obter información relevante sobre contidos.- Desenvolvemento de habilidades de expresión escrita mediante a aprendizaxe de xogos, dramatizacións, cancións e poesías.-Emprego e fomento do aspecto lúdico e creativo da linguaxe.- Afianzar conceptos de numeración e operación.- Desenvolvemento de estratexias para a resolución de problemas: lectura, subliñado,...
Materiais e recursos	<ul style="list-style-type: none">- Fichas elaboradas polo profesorado.- Fichas de diferentes webs educativas.- Fichas de editoriais.- Libros de texto.

4. Información e publicidade

Información ao alumnado e ás familias	O profesorado empregará Abalar para informar ao alumnado e ás familias, e a aula virtual para a presentación das actividades non presenciais.
Publicidade	Páxina web do centro

ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA. CURSO 2019/20

CENTRO: CEIPP DE SIGÜEIRO

CURSO: 1º EP

MATERIA: EDUCACIÓN FÍSICA

DATA: 13/05/2020

Instrucións do 27 de abril de 2020, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa para o desenvolvemento do terceiro trimestre do curso académico 2019/20, nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia.

ÍNDICE

- 1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles.**
- 2. Avaliación e cualificación.**
- 3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, reforzo, repaso, e no seu caso ampliación)**
- 4. Información e publicidade.**

1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles	
Criterio de avaliación	Estándar de aprendizaxe
B1.2. Buscar de maneira guiada información utilizando fontes de información e facendo uso das TIC.	EFB1 2.1. Utiliza de maneira guiada as novas tecnoloxías para buscar información.
B1.3. Demostrar un comportamento persoal e social responsable, respectándose a un mesmo e aos outros e outras nas actividades físicas e nos xogos, aceptando as normas e regras establecidas.	EFB1 3.1. Participa activamente nas actividades propostas.
	EFB1 3.2. Demostra certa autonomía resolvendo problemas motores.
B2.2. Coñecer a estrutura e funcionamento do corpo para realizar movementos axeitados ás situacións motrices que se lle presentan.	EFB2.2.1. Coñece e identifica as partes do corpo propias.
	EFB2.2.2. Realiza actividades de equilibrio estático, con e sen axuda, en base de sustentación estable.
B3.1. Resolver situacións motrices con diversidade de estímulos e condicionantes espazotemporais.	EFB3.1.1. Desprázase de distintas formas, variando os puntos de apoio.
	EFB3.1.2. Salta de distintas formas, variando os puntos de apoio e as frecuencias.
	EFB3.1.3. Realiza xiros sobre o eixe lonxitudinal variando os puntos de apoio, con coordinación e boa orientación espacial.
B4.1. Utilizar os recursos expresivos do corpo e o movemento, comunicando sensacións e emocións.	EFB4.1.1. Representa personaxes e situacións, mediante o corpo e o movemento con desinhibición e espontaneidade.
	EFB4.1.2. Reproduce corporalmente una estrutura rítmica sinxela.
B6.2. Recoñecer a diversidade de actividades físicas, lúdicas, deportivas en especial as de Galicia.	EFB6.2.1. Practica xogos libres e xogos organizados.

2. Avaliación e cualificación

Avaliación	Procedementos: Visualización e análise das producións do alumnado.
	Instrumentos: textos escritos e fundamentalmente vídeos.
Cualificación final	Será a nota media das dúas primeiras avaliacións. O traballo e esforzo mostrado nas actividades feitas e enviadas de xeito voluntario polo alumnado no 3º trimestre valoraranse unicamente de maneira positiva (ata un punto como máximo), despois de facer a media das notas das dúas primeiras avaliacións.

3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, repaso, reforzo, e no seu caso,

ampliación)	
Actividades	<p>As actividades serán sobre contidos traballados nos dous primeiros trimestres, de repaso e reforzo dos mesmos, coa finalidade de conseguir que o alumnado non deixe de facer deporte de maneira regular. Serán actividades lúdicas, adaptables a distintos contextos e idades, é dicir, actividades que se poidan facer en familia e que con sinxelas variantes se poidan adaptar a distintas idades e niveis motrices, co obxectivo principal de facer máis sinxelo o confinamento, a través do xogo e da Educación Física.</p>
Metodoloxía (alumnado con conectividade e sen conectividade):	<p>Case a totalidade do alumnado ten conectividade, e os poucos que non teñen, van recibir tarxetas en breve, polo que este problema estaría solucionado. De non ser o caso, buscaríase outra vía para enviar as actividades.</p> <p>Semanalmente, o profesorado de Educación Física elabora unha presentación (PowerPoint, Powtoon, etc.) ou un vídeo con distintas actividades, retos e xogos que se suben á aula virtual para que o alumnado os poida ver na casa e posteriormente realízalos.</p> <p>Despois, de maneira voluntaria, o alumnado pode enviar vídeos da actividade feita por eles ao correo electrónico do profesorado.</p> <p>Ademais destas tarefas, tamén se facilitan enlaces con outras actividades que están colgadas na rede, que non foron elaboradas especificamente polo profesorado do centro. Tamén se propoñen traballos de investigación sobre distintos deportes, deportistas, xogos tradicionais,...</p>
Materiais e recursos	<p>Para a realización das tarefas, retos e xogos, vaise utilizar pouco material, e o que se utilice vai ser moi accesible, cousas que hai normalmente en calquera domicilio (botella, rolo de papel, pelota, etc.), e que se non as hai, son facilmente substituíbles por outras.</p> <p>O profesorado utiliza un móbil para gravar, un ordenador para realizar presentacións e conexión a internet para poder subir esas creacións.</p> <p>Para o alumnado é suficiente un teléfono móbil con conexión a internet, para ver as propostas enviadas polo profesorado, gravar as súas actividades e envialas por email.</p>

4. Información e publicidade

<p>Información ao alumnado e ás familias</p>	<p>A información sobre como se vai desenvolver o trimestre e cales van ser as canles de comunicación, farase mediante abalarMóbil. Posteriormente as actividades subiranse na aula virtual da web do centro.</p> <p>A comunicación diaria pode ser tanto por abalarMóbil como por correo electrónico.</p>
<p>Publicidade</p>	<p>Web do centro.</p>

ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA. CURSO 2019/2020



CENTRO: CEIP PLURILINGÜE DE SIGÜEIRO
NIVEL: 1º PRIMARIA
MATERIA: LINGUA ESTRANXEIRA (INGLÉS)
DATA: MAIO 2020

Instrucións do 27 de abril de 2020, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa para o desenvolvemento do terceiro trimestre do curso académico 2019/20, nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia.

ÍNDICE

- 1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles.**
- 2. Avaliación e cualificación.**
- 3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, reforzo, repaso, e no seu caso ampliación)**
- 4. Información e publicidade.**

1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles		
Criterio de avaliación	Estándar de aprendizaxe	CC
· B1.1. Comprender o sentido xeral de textos orais propios da súa idade (contos breves e moi sinxelos, cancións, rimas infantís...) emitidos con ritmo discursivo lento, con claridade por medios técnicos que non distorsionen a percepción da mensaxe, con apoio visual moi redundante que axude á comprensión.	PLEB1.1. Comprende a información esencial dun conto, rima ou canción moi breves e sinxelos, previamente traballados, emitidos lentamente, cunha pronuncia ben articulada, e con apoios visuais moi redundantes que axuden á comprensión.	CCL CD CCEC
· B2.2. Participar de maneira simple e comprensible en conversas que requiran un intercambio directo de información en áreas de necesidade inmediata ou sobre temas moi familiares, aínda que en ocasións a pronuncia non sexa moi clara.	· PLEB2.2. Pregunta e responde para dar/obter información en conversas moi sinxelas e elementais (nome, idade, cor favoritas ou gustos).	CCL
· B3.1. Identificar o tema e comprender o sentido xeral e as ideas principais en textos escritos moi breves, sinxelos e moi elementais, e nos que o tema tratado e o tipo de texto resulten moi familiares, e conteñan apoio visual moi redundante en soporte papel ou dixital.	PLEB3.1. Comprende palabras escritas, relacionadas cos temas traballados.	CCL CD
· B4.1. Escribir textos moi curtos e sinxelos, seguindo modelos, compostos de frases simples illadas, utilizando con razoable corrección as convencións ortográficas máis elementais e os principais signos de puntuación, para falar de si mesmo/a, da súa contorna máis inmediata e de aspectos da súa vida cotiá, en situacións familiares e predicibles.	PLEB4.1. Escribe palabras relacionadas coa súa imaxe, a súa vida cotiá e os temas traballados.	CCL CD
· B5.10. Comprender e utilizar o léxico propio do nivel en contextos comunicativos sinxelos.	PLEB5.12. Comprende e usa adecuadamente o vocabulario básico necesario para participar en interaccións sinxelas, ler textos infantís moi sinxelos e escribir con léxico traballado previamente.	CCL CSC CAA

2. Avaliación e cualificación

Avaliación	Procedementos: A avaliación terá un carácter continuo e global, diagnóstico e formativo . Daráselle prioridade ao traballo levado a cabo durante a 1ª e 2ª avaliación, pero tamén se terán en conta as actividades desenvolvidas neste período, sempre e cando favorezan ao alumno/a; nunca para prexudicalo. Tomaranse como referencia as aprendizaxes imprescindibles para o nivel indicado.
	Instrumentos: <ul style="list-style-type: none">· Follas de rexistro de datos dos dous primeiros trimestres do curso (observación diaria, caderno, fichas...).· Revisión do traballo persoal do alumno/a durante o período de suspensión de clases (só para mellorar as calificacións): plataforma de aprendizaxe “Navio” e actividades na aula virtual.
Cualificación final	Indicar o procedemento para obter a cualificación final de curso: Para adxudicar aos alumnos/as unha cualificación final, terase en conta o grao de desenvolvemento das aprendizaxes e competencias imprescindibles previamente definidas. Farase media entre as dúas primeiras avaliacións, podendo obter un punto máis polo traballo voluntario levado a cabo no 3º trimestre.

3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre

Actividades	<p>Levaranse a cabo actividades de repaso, reforzo, recuperación e consolidación dos contidos traballados na 1ª e 2ª avaliación. Así mesmo, ampliaranse aquelas aprendizaxes realizadas con anterioridade, que requiran a mínima presenza do docente.</p> <p>Estas actividades centraranse nos bloques de comprensión oral e escrita, expresión escrita e coñecemento da lingua e consciencia intercultural.</p>
Metodoloxía (alumnado con conectividade e sen conectividade):	<p>Pretendemos que o alumnado non sinta tan abruptamente a desconexión co colexio. Por iso, presentamos unha proposta de actividades por semanas, facilitando o establecemento dunhas rutinas e favorecendo un certo hábito de estudo, sempre dentro da situación excepcional que estamos a vivir. Preténdese animar ao alumnado en todo momento e non sobrecargalo de tarefas.</p> <p>Queremos estar en contacto co alumnado e familias, para iso, ademais da comunicación a través da aplicación abalarMóbil, facilitóuselles un correo electrónico no que poden plantexar as súas dúbidas e inquiredanzas.</p> <p>En canto ao alumnado con menos conectividade, mantemos contacto con el vía telefónica ou a través da app abalarMóbil, facilitándoselles tarefas por diferentes vías: achegarlle fichas impresas a través dos servizos do concello, propostas de traballo que non requiren de equipos informáticos nin conexión (caderno de actividades)...</p>
Materiais e recursos	<p>A través da aula virtual do centro, semanalmente facémolle chegar ao alumnado a proposta de actividades. Estas inclúen tarefas interactivas na aplicación "Navio" ou libro dixital, exercicios no libro, fichas imprimibles, videos, audios... Ademais, inclúense outros recursos como contacontos, xogos, cancións, apps didácticas... Outros materiais a disposición do alumnado son os cadernos de traballo ou o portal web do centro.</p>

4. Información e publicidade

Información ao alumnado e ás familias	<p>A presente adaptación da programación para o 3º trimestre do curso 2019/2020 será publicada na páxina web do centro e faraselle chegar información da mesma ao alumnado e familias a través da aplicación abalarMóbil.</p>
--	---

ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA. CURSO 2019/2020

CENTRO: CEIP SIGÜEIRO
CURSO: 1º DE EDUCACIÓN PRIMARIA
MATERIA: EDUCACIÓN MUSICAL
DEPARTAMENTO: EDUCACIÓN ARTÍSTICA (MÚSICA)
DATA: 12/05/2020

Instrucións do 27 de abril de 2020, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa para o desenvolvemento do terceiro trimestre do curso académico 2019/20, nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia.

DESENVOLVEMENTO DO TERCEIRO TRIMESTRE DO CURSO ACADÉMICO 2019-2020, NOS CENTROS DOCENTES DA COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA.

ÍNDICE

- 1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles.**
- 2. Avaliación e cualificación.**
- 3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, reforzo, repaso, e no seu caso ampliación).**
- 4. Información e publicidade.**

1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles (Primeiro curso)

Criterio de avaliación	Estándar de aprendizaxe
<ul style="list-style-type: none"> ▪ B1.1. Explorar, escoitar e describir calidades e características de materiais, obxectos, sons e instrumentos presentes no contexto natural. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ EMB1.1.1. Manipula e explora as calidades sonoras do corpo, dos instrumentos, dos obxectos, dos animais e da voz. ▪ EMB1.1.2. Representa graficamente ou corporalmente estas calidades: son curto, longo, ascendente e descendente, forte, piano, agudo e grave. ▪ EMB1.1.5. Identifica voces masculinas e femininas.
<ul style="list-style-type: none"> ▪ B1.3. Coñecer obras curtas de distintos estilos e de diferente autoría. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ EMB1.3.2. Coñece as figuras do/da director/ora de orquestra, instrumentista e público.
<ul style="list-style-type: none"> ▪ B1.4. Comunicar utilizando un vocabulario adecuado ás sensacións e ás impresións sentidas na audición. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ EMB1.4.2. Emprega vocabulario básico musical adaptado ao seu nivel.
<ul style="list-style-type: none"> ▪ B1.5. Identificar e expresar a través de diferentes linguaxes algúns dos elementos dunha obra musical (timbre, velocidade, intensidade e carácter). 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ EMB1.5.1. Coñece, identifica e representa elementos básicos da linguaxe musical: pulsación, longo, curto, rápido, lento, forte, piano, son, silencio, agudo, grave, pentagrama (liñas espazos), clave de sol, branca e negra.
<ul style="list-style-type: none"> ▪ B2.1. Coñecer e utilizar as posibilidades sonoras e musicais do corpo e doutros obxectos, manipulando materiais como fonte de son. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ EMB2.1.1. Repite esquemas rítmicos escoitados.
<ul style="list-style-type: none"> ▪ B2.2. Exercitar as vocalizacións e as pronuncias interpretando un pequeno repertorio de cancións sinxelas e practicando a improvisación. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ EMB2.2.1. Interpreta individualmente ou en grupo un pequeno repertorio de cancións sinxelas. ▪ EMB2.2.2. Realiza pequenas improvisacións melódicas sobre algunha base dada.
<ul style="list-style-type: none"> ▪ B2.3. Reproducir, crear e representar esquemas rítmicos e melódicos coa voz, o corpo, os instrumentos e patróns de movemento. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ EMB2.3.1. Acompaña cancións, danzas e textos con fórmulas rítmicas básicas. ▪ EMB2.3.3. Crea pequenos esquemas rítmicos con brancas, negras e silencio de negra.
<ul style="list-style-type: none"> ▪ B3.1. Realizar pequenas coreografías. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ EMB3.1.1. Realiza pequenas coreografías en grupo, adecuando o movemento corporal coa música. ▪ EMB3.1.2. Interactúa adecuadamente cos compañeiros e coas compañeiras, amosando interese e respectando as normas e as intervencións das demais persoas.
<ul style="list-style-type: none"> ▪ B3.2. Coñecer e valorar as posibilidades sonoras, de movemento e expresivas do corpo. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ EMB3.2.3. Identifica e utiliza o corpo como instrumento para a expresión de sentimentos e emocións.

2. Avaliación e cualificación	
Avaliación	<p>Procedementos:</p> <p>En 1º de Educación Primaria teño en conta o traballo, actitude e interese , participación e esforzo, así como as súas destrezas e habilidades musicais, avalío co 75%% da nota; o restante 25% puntúase, pola comprensión na realización da fichas auditivas musicais realizadas durante os 2 primeiros trimestres do curso.</p>
	<p>Instrumentos:</p>
Cualificación final	<p>Indicar o procedemento para obter a cualificación final de curso:</p> <p>O alumnado será avaliado tendo en conta as anotacións semanais no rexistro de datos na miña libreta das distintas clases, en canto ao seu traballo, actitude, interese, participación e esforzo cara a materia; ademais dos procedementos indicados por cursos na páxina anterior. Serán tidas en conta as cualificacións da primeira e segunda avaliación, neste último trimestre, tendo en conta o interese amosado polos alumnos , en canto a continuidade da súa aprendizaxe, en beneficio do alumno ou alumna.</p>
Proba extraordinaria de setembro	
Alumnado de materia pendente	<p>Criterios de avaliación:</p>
	<p>Criterios de cualificación:</p>
	<p>Procedementos e instrumentos de avaliación:</p>

Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, repaso, reforzo, e no seu caso, ampliación)

Actividades

Na aula virtual do colexio semanalmente, desde que comezou o confinamento, colgo actividades musicais todos os domingos, para a semana correspondente. Fundamentalmente son actividades de repaso e reforzo, dos obxectivos e contidos aprendidos durante os 2 primeiros trimestres do curso.

1ª Semana :

Aprendo música con las tic: Aprendo ritmos.

Musicaeduca conto musical: `` Llegó la primavera´´, con música de Vivaldi.

Canción de Abel Caamacho `` La primavera rock ´´.

2ª Semana:

Smile and learn: Instrumentos para niños.

educ@contic: xogos de linguaxe musical, tempos, voces, instrumentos, aforcados....

Escoita de música relaxante Vangelis, Enya, Mike Olfied, Gwedal.

Karaoke en liña.

3ª Semana:

Baile nixeriano de benvida de principio de curso: `` Funga Alafia´´.

Visualización do vídeo, bailamos e cantamos a canción.

4ª Semana:

Visualización do vídeo ``12 instrumentos musicais con materiais de uso cotiá´´.

Visualización e escoita da Orquestra de Instrumentos Reciclados de Cateura- Paraguai.

Educaplay música: Encrucillado dos instrumentos da aula. Encrucillado de voces humanas. Selecciona o ritmo es as súas células rítmicas correspondentes. Pasapalabra musical do instrumento correspondente.

Versión Rock Resistiré 2020.`` Los Monos voadores del Señor Burns´´.

5ª Semana:

Ficha das partes da gaita galega e a solución correspondente .

Vídeo e escoita do son das distintas partes da gaita.

Vídeos de cancións de gaiteiros como Susana Seivane, Cristina Pato e gaiteiros como Xosé Manuel Budiño e Carlos Núñez.

Wikipedia información sobre a gaita galega.

Grupo musical da Coruña `` Bastards on Parade´´, combinan o punk coa gaita.

6ª Semana:

`` A orquestra e os seus instrumentos´´.

Relaciona cada obxecto co seu son.

Relaciona e emparella os instrumentos musicais.

Pocoyo `` O baile do cadrado´´.

Si- La- Sol . Le ,clica e observa a súa colocación correcta no pentagrama.

Metodoloxía (alumnado con conectividade e sen conectividade)	<p>Co alumnado mantívenme comunicada a través das titorías ao principio, para posteriormente facelo tamén, a través da mensaxeria de Abalar en avisos a grupos. Indicando o lugar onde estaban colgadas as actividades musicais, e todo tipo de avisos para o correcto desenvolvemento das clases, tipo de actividades de repaso e interactivas; e o meu correo electrónico para calquera dúbida.</p>
Materiais e recursos	

4. Información e publicidade

Información ao alumnado e ás familias	<p>Indicar o procedemento que o profesorado empregará para informar ao alumnado.</p> <p>Co alumnado mantíveme comunicado a través das titorías ao principio, para posteriormente facelo tamén a través da mensaxeria de Abalar en avisos a grupos. Indicando o lugar onde estaban colgadas as actividades musicais , a data na que se colgaban todas as semanas, tipo de actividades de repaso e interactivas; e o meu correo electrónico para calquera dubida.</p>
Publicidade	Publicación obrigatoria na páxina web do centro.

CEIP Plurilingüe de Sigüeiro

Debido á situación provocada polo COVID-19, dende o 14 marzo as sesións de plástica en 1º de primaria deixaron de ser presenciais.

Para continuar coa práctica da actividade artística no 3º trimestre, creamos un blog de plástica en inglés para o alumnado de 1º e 2º de primaria <https://artscraftsigueiro.blogspot.com/> onde se inclúen diversos vídeos e tutoriais para que os nenos/as poidan facer actividades na casa.

Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles	
1º PRIMARIA	
Criterio de avaliación	Estándar de aprendizaxe
B1.3. Describir calidades e características dos materiais, dos obxectos e dos instrumentos presentes no contexto natural e artificial.	EP1.3.4. Identifica e usa as cores aprendidas.
B1.5. Identificar diferentes formas de representación do espazo.	EPB1.5.1. Observa diferentes formas de presentar o espazo.
B2.2. Realizar composicións plásticas que representen o mundo imaxinario, afectivo e social.	EPB2.2.1. Produce e identifica obras sinxelas usando formas xeométricas
B2.1. Probar en producións propias as posibilidades que adoptan as formas, texturas e cores.	EPB2.1.4. Sitúa elementos no espazo nas producións plásticas.

AVALIACIÓN

As actividades propostas no blog son opcionais, o alumnado decidirá se desexa realizalo ou non. Non nos parece xusta a entrega obrigatoria posto que somos conscientes de que hai familias que non teñen na casa os materiais necesarios para a elaboración de ditas propostas. O traballo realizado polo alumnado durante o 3º trimestre non se avaliará de xeito independente para facer “media” coas cualificacións anteriores. Servirá para mellorar a cualificación obtida na 1º e na 2º avaliación. O traballo do terceiro trimestre servirá exclusivamente para mellorar a cualificación final.

Criterios de avaliación para o 3º trimestre:

- Realización con avaliación positiva de **máis do 50%** das actividades propostas - subirá a nota media.
- Realización de **menos do 50%** das actividades propostas – a nota mantense.

**ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA.
CURSO 2019/2020
NIVEL: 1º DE PRIMARIA
MATERIA: RELIXIÓN CATÓLICA**

ÍNDICE

- 1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles.**
- 2. Avaliación e cualificación.**
- 3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, reforzo, repaso, e no seu caso ampliación)**
- 4. Información e publicidade.**

1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles	
Criterio de avaliación	Estándar de aprendizaxe
Identificar e valorar a creación como acto de amor de Deus ao Home.	Coñece, respecta e cuida a obra creada
Recoñecer que os cristiáns formamos unha familia.	Asocia as características da familia da Igrexa coas da súa familia
Distinguir os espazos e tempos sagrados doutros lugares e tempos	Expresa o respecto ao templo como lugar sagrado.
Subliñar os elementos distintivos do domingo como día especial.	Coñece e expresa o sentido do domingo.

2. Avaliación e cualificación			
Avaliación	Procedementos: <table border="1" style="margin-left: 20px;"> <tr> <td>Ferramentas de avaliación do traballo competencial</td> </tr> <tr> <td>Evidencias dos estándares de aprendizaxe</td> </tr> </table>	Ferramentas de avaliación do traballo competencial	Evidencias dos estándares de aprendizaxe
	Ferramentas de avaliación do traballo competencial		
Evidencias dos estándares de aprendizaxe			
	Instrumentos: <ul style="list-style-type: none"> Autoavaliación de aprendizaxes sobre Xesús. Autoavaliación do coñecemento das festas relixiosas. Autoavaliación das aprendizaxes coas cancións. Rexistro xeral de aprendizaxes durante o curso. 		
Cualificación final	Indicar o procedemento para obter a cualificación final de curso: <ul style="list-style-type: none"> Suma das dúas primeiras avaliacións e media. 		

3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, repaso, reforzo, e no seu caso, ampliación)	
Actividades	Actividades de repaso e reforzo. • Proposta de actividades voluntarias na aula virtual do centro.
Metodoloxía (alumnado con conectividade e sen conectividade):	Comunicación a través das titorías e da aula virtual do Centro para envío de actividades. Registro diario e arquivo de materiais.
Materiais e recursos	<ul style="list-style-type: none"> • O libro do alumno para a área de Relixión e Moral Católica de 1.º EP en diferentes soportes. • O libro de oracións Rezo con Xesús de 1.º de EP. • A proposta didáctica para Relixión e Moral Católica de 1.º EP na aula virtual do centro.

4. Información e publicidade	
Información ao alumnado e ás familias	Esta adaptación da programación publicarase na web do centro e faraselles chegar ás familias por abalarMobil.
Publicidade	Publicación na páxina web do centro.